



## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

N. Expediente	1508/2023
F. Apertura	04/07/2023
Serie documental	S0270 - Contratacións de servizos por procedemento aberto simplificado
Asunto	Contrato de servizos de redacción documentación técnica para tramitación e aprobación dos Plans Parciais SU15, SU16 e SU17 no ámbito do PXOM de Tui.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

#### 1.- Necesidade a satisfacer obxecto do contrato

O Concello de Tui ten a necesidade de resolver unha problemática de mobilidade, particularmente na conexión ente o centro urbano e a parroquia de Pazos de Reis. Preténdese estudar a viabilidade de desenvolver o vial recollido no PXOM como RV-18. Na actualidade ten un marcado carácter rural, estreito e flanquedado por muros pétreos e con un tráfico importante, xa que conecta núcleos con alta densidade de poboación así como equipamentos educativos que xeneran un importante tránsito de vehículos. Por outra banda liberaría o tránsito da estrada de Baiona na entrada aá cidade pola rúa Colón. O ámbito está flanqueado polo Sur pola vía férrea que conecta España con Portugal, polo Norte pola Autovía A55 e polo Oeste polos núcleos de poboación en torno á estrada de Baiona e polo Este polo barrio de Ricamonde. O vial completo transcorre polos solos urbanizables SU15, SU16 e SU17, e para a obtención do mesmo será necesario desenrolar urbanísticamente os tres ámbitos.

Entre o SU17 e a autovía queda o SU18, onde se atopan dous equipamentos: Un existente, o 118 D (colexio público de Pazos de Reis), e outro de nova creación, o 118 B. Para a execución do vial por parte do Concello será preciso obte-los terreos para a execución parcial das obras de urbanización de cada un dos ámbitos. En todo caso as obras de urbanización do vial deberán de incluirse nos proxectos de urbanización que deberá de recoller a totalidade das obras de cada un dos ámbitos.

Para a obtención por parte do Concello dos terreos necesarios para a execución do vial é necesario tramitar os instrumentos urbanísticos establecidos no PXOM (Plans Parciais), que serán precisos para levar a cabo as obras no seu día.

Debe terse en conta que o PXOM de Tui foi aprobado definitivamente según Orde de 24.03.2011 (DOG nº 69, de 07.04.2011), e que nestes doce anos transcorridos desde aquela soamente se teñen aprobado tres plans parciais, o que supón de facto un freo ao desenvolvemento urbanístico do Concello ao imposibilitar a obtención de recursos, equipamentos e infraestruturas. Convén porén que, ante a falla da iniciativa privada que impulse o desenvolvemento do Plan, sexa o Concello quen promova neste caso o desenvolvemento necesario para a apertura dun vial necesario, contemplado no PXOM, elaborando e tramitando os Plans Parciais indicados..

Según establece o artigo 220.1 do Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia, a execución do planeamento require, en todo caso, a aprobación definitiva do planeamento que conteña a ordenación detallada. E o artigo 67 da LSG establece que “Los planes





## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

parciales tendrán por objeto regular la urbanización y la edificación del suelo urbanizable, desarrollando el plan general mediante la ordenación detallada de un sector”

De acordo co establecido nos artigos 28 e 116 da Lei de Contratos do Sector Público, resulta preciso proceder á elaboración da documentación técnica precisa para poder tramitar e aprobar os Plans Parciais SU-15, SU-16 e SU-17 do PXOM de Tui, de conformidade coa lexislación urbanística vixente.

Tal e como consta no Informe de insuficiencia de medios de data 11.07.2023, o volume de traballo existente nos diferentes servizos técnicos do Concello fai que esta actividade non poida ser asumida polo persoal municipal sen que as funcións propias destes se vexan menoscabadas, polo que se considera necesaria a contratación de algúin operador externo para a súa realización, coa especialización axeitada.

En consecuencia a necesidade do contrato se xustifica por resultar convinte ao interese xeral do Concello de Tui o desenvolvemento do PXOM a través dos Plans Parciais SU-15, SU-16 e SU-17 do PXOM de Tui, o que permitirá a apertura do vial denominado RV-18 no PXOM de Tui, segun se motiva no PPT.

O artigo 25.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entre as competencias propias dos concellos, recóllese “Urbanismo: planeamiento, gestión, ejecución y disciplina urbanística. Protección y gestión del Patrimonio histórico. Promoción y gestión de la vivienda de protección pública con criterios de sostenibilidad financiera. Conservación y rehabilitación de la edificación”.

### **2.- Características da prestación:**

O servizo a contratar consiste na redacción dos Plans Parciais dos sectores SU-15, SU-16 e SU-17 do PXOM de Tui e os Documentos Ambientais Estratégicos, así como o resto de actuacións tal e como aparecen definidas na Memoria xustificativa elaborada polo Arquitecto municipal de data 18.07.2023, que constitúe o Prego de Prescricións Técnicas do contrato a celebrar.

### **3.- Clase de contrato: Contrato de Servizos.**

O presente contrato ten carácter administrativo, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

En concreto, trátase dun contrato de servizos dos regulados no artigo 17 da LCSP, que dispón que: “Son contratos de servicios aquellos cuyo objeto son prestaciones de hacer consistentes en el desarrollo de una actividad o dirigidas a la obtención de un resultado distinto de una obra o suministro, incluyendo aquellos en que el adjudicatario se obligue a ejecutar el servicio de forma sucesiva y por precio unitario. No podrán ser objeto de





## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

*estos contratos los servicios que impliquen ejercicio de la autoridad inherente a los poderes públicos.”*

Para o non previsto nos pregos, o contrato rexerase pola LCSP, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público ( RD 817/2009); polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, do 12 de Outubro ( RGLCAP), en todo o que non se opoña á anterior. A aplicación destas normas levará a cabo en relación con todo o que non resultase afectado pola disposición derogatoria da LCSP.

En todo caso, as normas legais e regulamentarias citadas anteriormente serán de aplicación en todo o que non se opoña á LCSP. Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

### **4.- Código CPV do contrato:**

71410000-5 - Servicios de urbanismo

71240000-2 - Servicios de arquitectura, ingeniería y planificación

71400000-2 - Servicios de planificación urbana y de arquitectura paisajística

71356200-0 - Servicios de asistencia técnica

**5.- Previsión da división en lotes:** De acordo co xustificado no PPT, resulta convinte o desenvolvemento dos tres plans parciais de xeito conxunto e coordinado, xa que a realización independente dos desenrollos dos tres ámbitos podería dificultar a correcta execución desde o punto de vista técnico cara á coordinación e a consecución dunha continuidade dos tres ámbitos, que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. En consecuencia, non se dividirá en lotes o contrato.

**6.- Valor estimado do contrato:** 65.000,00 €, excluído Iva

**7.- Orzamento base de licitación:** 78.650,00 euros, Iva incluído (65.000,00 euros + 13.650,00 euros de Iva)

### **8.- Competencia para contratar.**

Recole o apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público que corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de





obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prorrrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Tal e como se desprende do informe de intervención de data 15 de novembro de 2022 que obra no expediente 285/2021, será competencia de Alcaldía ou do órgano en quen teña delegada as facultades como órgano de contratación, a celebración do presente contrato, debido a que o valor estimado do mesmo non supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento prorrogado do 2023, que ascenden a 1.009.011,71€.

En conclusión, resulta en primeira instancia competente o Alcalde-Presidente do Concello de Tui como órgano de contratación. Mais debe considerarse que o Alcalde, mediante Decreto de 04.07.2023, delegou na Xunta de Goberno Local as competencias que en materia de contratación ten atribuídas aquel en virtude da Disposición Adicional Segunda da LCSP, a excepción dos contratos menores.

En consecuencia, para o presente procedemento como órgano de contratación están delegadas na Xunta de Goberno Local, puidendo ser avocadas pola Alcaldía mediante resolución motivada.

## **9.- Procedemento de contratación.**

Propónese a tramitación do contrato a través do Procedemento Aberto Simplificado, trámite ordinario, que constitúe un dos procedementos ordinarios para adjudicar os contratos, de acordo co establecido no artigo 131.2 da LCSP.

O artigo 159.1 da LCSP establece o seguinte:

*“1. Los órganos de contratación podrán acordar la utilización de un procedimiento abierto simplificado en los contratos de obras, suministro y servicios cuando se cumplan las dos condiciones siguientes:*

*a) Que su valor estimado sea igual o inferior a 2.000.000 de euros en el caso de contratos de obras, y en el caso de contratos de suministro y de servicios, que su valor estimado sea inferior a las cantidades establecidas en los artículos 21.1, letra a), y 22.1, letra a), de esta Ley, respectivamente, o a sus correspondientes actualizaciones.*

*b) Que entre los criterios de adjudicación previstos en el pliego no haya ninguno evaluable mediante juicio de valor o, de haberlos, su ponderación no supere el veinticinco por ciento del total, salvo en el caso de que el contrato tenga por objeto prestaciones de carácter intelectual, como los servicios de ingeniería y arquitectura, en que su ponderación no podrá superar el cuarenta y cinco por ciento del total.”*





## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

Neste caso, o valor estimado da prestación ascende a 65.000,00 euros €, que resulta inferior a 140.000,00 euros, límite que se fixa no artigo 22.1.a) por remisión do artigo 159.1.a).

Tratándose dun contrato que ten por obxecto prestacións de carácter intelectual, a ponderación dos criterios suxeitos a xuízo de valor poderán alcanzar o tope dun 45% de ponderación.

### **10. Prazo de execución.**

O prazo total previsto para a execución dos traballos, é de 9 meses, según o cronograma previsto no PPT:

-Redacción dos borradores dos Plans Parciais e o DAE: 3 meses.

-Redacción dos Plans Parciais tras o informe ambiental estratéxico: 3 meses.

-Redacción de informes (resolución de alegacións, informes específicos de asesoramento, atención de consultas, asistencia á Corporación en reunións, informe de alegacións e elaboración de modificación necesarias para cumplir cos informes sectoriais, redacción de documento de aprobación provisional que incorpore as modificación precisas): 2 meses

-Redacción das modificacións necesarias para aprobación definitiva tras o informes doutras admons.: 1 mes

### **11.- Criterios de adxudicación:**

Para a valoración das proposicións atenderase a varios criterios de adxudicación.

#### **1. CRITERIOS CUXA PONDERACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR (0-20 puntos)**

**-MEMORIA TÉCNICA (0-20 puntos)** Presentarase Memoria técnica, xustificativa e motivada, descriptiva dos traballos e actividades a desenvolver no ámbito no que se solicita a prestación, de acordo coas especificacións recollidas no presente prego e nos criterios de avaliación da calidade técnica da oferta. A extensión máxima será de 15 páxinas en formato A4, (non se valorará o que exceda do límite establecido, incluido portada, contraportada, índices, anexos, planos e bibliografía ou equivalentes), de acordo ao seguinte esquema:

-Metodoloxía

- Organización del equipo de trabajo
- Programa de trabajo
- Interlocución con la Administración
- Coordinación entre la tramitación ambiental y urbanística.





## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

Establécese unha puntuación mínima do 50% (10 puntos) dos criterios relacionados “ut supra”, para poder continuar no proceso de licitación, en aplicación do estipulado no artigo 146.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. A licitadora que non alcance esa puntuación mínima, quedará excluída da licitación.

## 2. CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. (0-80 puntos)

### a).- OFERTA ECONÓMICA (0-40 puntos)

Para a valoración da oferta económica, terase en conta a mellor oferta presentada sobre o orzamento de licitación, e conforme á seguinte fórmula:

Puntuación:  $40 \times \frac{\text{tipo de licitación} - \text{importe da oferta presentada}}{\text{Tipo de licitación} - \text{oferta más baixa}}$

### b).- Experiencia do equipo redactor adscrito ao contrato (0-40 puntos)

Valorarase a experiencia na redacción, tramitación e xestión de Plans Xerais e Plans Parciais por parte do responsable do equipo redactor adscrito ao contrato.

A experiencia valorarase ata 40 puntos, do seguinte xeito:

-Por participación do responsable do equipo na redacción, tramitación e xestión de Plans Xerais, en Concellos de Galicia de máis de 19.000 habitantes: 5 puntos por Plan, cun máximo de 30 puntos.

-Por participación do responsable do equipo na redacción, tramitación e xestión de Plans Parciais, en Concellos de Galicia de máis de 19.000 habitantes: 2 puntos por plan, cun máximo de 10 puntos.

Para xustificar a experiencia se deberá presentar:

- Unha relación dos traballos realizados relacionados co obxecto do contrato, que inclúa importe, datas e Concellos beneficiarios dos mesmos. Ordenaranse de acordo á súa valoración: plans xerais e plans parciais.
- As titulacións académicas e profesionais deberán ser as adecuadas para a prestación da asistencia: arquitectura ou enxeñería de camiños, canles e portos





## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

A experiencia demostrarase con certificacións de boas prácticas de Concellos sobre os contratos realizados relacionados co obxecto do presente prego. Só se valorarán os traballos con aprobación definitiva e será suficiente a publicación da aprobación definitiva en boletín oficial.

A elección dos criterios de valoración realizouse buscando a obxectividade dos mesmos e a fin de axilizar a tramitación do expediente de contratación, establecéndose unha pluralidade de criterios cos que se pretende conseguir a mellor relación calidade-prezo das ofertas que de cobertura ás necesidades a satisfacer a través do contrato. Os criterios propostos están vinculados ao obxecto do contrato (ao estar vinculados ás prestacións a realizar en virtude do contrato), están formulados de xeito obxectivo e resultan acordes aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, non confiren ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada e contribúen a obter un servizo de calidade que responde ás necesidades do Concello. Así mesmo os criterios propostos permiten que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva.

Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente do Concello de Tui

Documento asinado electronicamente á marxe

